

## TIC (1ª AVALIACIÓN)

### CONTIDOS (RESUMO)

Seguridade na rede. Privacidade. Contrasinais. Dereitos de propiedade intelectual e de explotación dos materiais aloxados na web e do software. Tipos de licenzas de distribución. Medidas de seguridade activa e pasiva. Malware, antivirus e devasas. O procesador de textos. Software de presentacións. Arquitectura dun computador: compoñentes básicos e características.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web. Adoptar condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos. Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.

### INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Análise das producións dos alumnos (arquivos informáticos)  
 Probas específicas

Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	SESIÓNS APROX.	Data avaliación aprox.
4º-TICB1.1.1 - Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais. Peso: 1%	Coñece as medidas básicas para navegar con seguridade.	3	<b>Principio Novembro</b>
4º-TICB1.1.2 - Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal. Peso: 1%	Coñece o xeito de protexer os seus datos por medio de contrasinais.		
4º-TICB1.3.2 - Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución. Peso: 1%	Diferencia as licencias dos materiais web.		
4º-TICB4.1.2 - Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados. Peso: 1%	Coñece os riscos de seguridade máis importantes.		
4º-TICB3.1.1 - Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa. Peso: 20%	Presenta un documento elaborado cun procesador de textos que inclúa imaxes e elementos de formato básicos.	17	
4º-TICB3.2.1 - Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido. Peso: 7%	Elabora unha presentación con texto e imaxes que cumpla cunha función indicada.	9	Principio decembro
4º-TICB2.4.1 - Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles. Peso: 2%	Identifica e describe diferentes elementos hardware dun computador.	3	

Para cada estándar indícase o peso no curso. A nota da avaliación será a media ponderada dos estándares avaliados ata ese momento (incluídos os das avaliacións anteriores se fose o caso).

Ó remate da avaliación ou do curso poderanse recuperar cunha proba os estándares de maior peso non superados (a nova nota substituirá á anterior para a media ponderada e terá un valor máximo de 6).